

Levamos **VINTE E CINCO ANOS** organizando estas vacacións.

Non son moitos, pero sí foron un lote as experiencias vividas e compartidas nun clima de amizade, de humor e de alegría. Trátase de experiencias gratas e entrañables nas que compartimos o mellor de nós mesmos, e por iso resultan inolvidables.

Temos percorrida practicamente toda a Península Ibérica, e dos recunchos que nos quedan está a provincia de **CASTELLÓN**. Este será o noso destino este ano. Achegarémonos ata esta terra levantina para gozar do seu clima, da súa paisaxe e da súa cultura. Compartiremos coas súas xentes a rica vida que ten cada un de nós. Sabemos por experiencia que a boa convivencia e fraternidade fai medrar as nosas gañas de vivir e de sentirnos ledos. Con razón dicimos que se trata dunhas **vacacións-convivencia**.

Os destinatarios son os maiores, e para eles vai enfocada a organización da viaxe, pero tamén poden participar outras persoas adultas que o desexen.

## Itinerario

Saída ás **8 da mañá** de Samos o día **23 de abril**. A primeira parada será en Astorga para facer un descanso. Xantaremos e pernoctaremos en **Aranjuez** (Madrid). Pola tarde faremos unha visita a esta fermosa cidade.



Palacio Real de Aranjuez

O **día 24** xantaremos e visitaremos a próspera cidade de **Castellón**:

A súa praza maior, na que se levanta a concatedral de Santa María; as súas rúas Peonís, prazas, etc., permitiranos coñecerla un pouquiño máis.



**Oropesa del Mar**, unha vila típicamente mediterránea da costa do Azahar. Aquí teremos a nosa residencia ata o día 29 no hotel Gran Duque de **Marina d'Or**.



Oropesa del Mar

Desde aquí visitaremos os seguintes lugares de interés turístico e cultural da provincia de Castellón.

**Peñíscola:** Unha cidade fermosa e hospitalaria. Xunto co seu Castelo, é o principal símbolo xeográfico da Costa do Azahar castelloense.



Peñíscola

**Morella:** Un pobo que impresiona polas súas construcións no cumo dun monte. Todo o casco antigo está rodeado de recias murallas. Un interesante conxunto histórico-artístico.



**Benicasim:** Municipio turístico cunha gran praia bordeada de xardíns tropicais

O día 29 deixamos a costa mediterránea e emprendemos viaxe de regreso. Faremos unha longa parada en **Cuenca**. Aquí xantaremos e visitaremos esta fermosa cidade declarada pola UNESCO Patrimonio da Humanidade.

Ó atardecer seguiremos a nosa viaxe para ir a facer noite a **Pinto**, cerca de Madrid.

E o día 30, coas maletas cheas e os petos baleiros, regresaremos ás nosas casas. A chegada a Samos está prevista sobre ás 9 da tarde.



Casas colgadas de Cuenca

**Animate**

**Apúntate antes do día 23  
de marzo**

**Vacacións  
Convivencia**

**para os  
Maiores**

**en**

**Oropesa del mar  
(Castellón)**

**23-30 de abril**

**2014**

